

Actividades para proxectos | Bloque 3: Interacción

Secundaria. 12 a 18 anos

Europa e... acción!

	Educación Secundaria 16 a 18 anos	
	Nivel Medio	
	Temporalización 17 sesións	
	Socios Máximo socios	4-5

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Os alumnos reflexionan verbo do que saben do resto dos países (fortalezas e debilidades) que participan no proxecto; e a partir de aí, procuran información sobre eles (textos, imaxes, vídeos, outros), seleccionando datos de cada un relativos aos estereotipos (cuestións culturais e tópicos) que os definen e por que.

Cada centro crea **unha colaxe** coas imaxes e **cunha nube de palabras** dos demais países socios participantes, ambos con ferramentas dixitais. Tamén se imprimen e se expoñen na parede do centro.

Escenifícanse os estereotipos, nunha **pequena posta en escena**, con disfraces e decorado, segundo as posibilidades. As representacións grávanse en **vídeo**.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Traballar a inclusión e a superación de prexuízos a través do coñecemento mutuo, analizando os estereotipos dos nosos países.
- Fomentar o pensamento crítico e os valores democráticos como a tolerancia e o respecto, como factores de loita contra a xenofobia.
- Superar discriminacións a través do teatro como forma artística de expresión corporal e educación emocional.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os docentes rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves de acceso, que posteriormente lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Creación de grupos internacionais

Os docentes organizan os alumnos en equipos internacionais, 2 ou 3 alumnos por país, dependendo do número de países participantes. Recoméndase que non sexan equipos moi numerosos. Máximo 6 alumnos por equipo.

Elabórase unha táboa informativa cos alumnos participantes en cada equipo:

	Equipo 1 País que investigan: Noruega Tutor:	Equipo 2 País que investigan: Turquía Tutor:	Equipo 3 País que investigan: Francia Tutor:	Equipo 4 País que investigan: España Tutor:
Noruega		Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...
Turquía	Alumno1 Alumno 2 ...		Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...
Francia	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...		Alumno1 Alumno 2 ...
España	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	Alumno1 Alumno 2 ...	

Paso 3. Preparación da páxina principal e das subpáxinas para os equipos

Os docentes crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos que posteriormente se poden ampliar:

- Páxina coa **planificación do proxecto** que inclúe os obxectivos, a temporalización, as actividades que se van realizar, os países e os centros escolares participantes.
- Páxina coa **táboa dos equipos internacionais** xunto a un docente que exercerá de titor do equipo.

- Unha **subpáxina para cada un** dos equipos internacionais a través da cal se comunicarán e compartirán información. Subirán os seus avatares personalizados. Engadirase unha ligazón ao **Foro del equipo**.
- Páxina para os **vídeos representando** os estereotipos do resto dos países.
- Páxina para as fotos das **Exposicións** nos centros socios.
- Páxina coa listaxe dos **países socios participantes**.
- **Subpáxina para cada un** deles onde estará a colaxe e a nube de palabras creadas por cada equipo.



Paso 4. Preparación de carpetas de Materiais

Os docentes crean carpetas no módulo **Materiais** do TwinSpace:

- Unha carpeta de **Documentos** do proxecto
- Carpetas de **Imaxes** para cada un dos equipos
- Carpeta de **Imaxes para as colaxes** como produtos finais
- Carpetas para as **Nubes de palabras** como produtos finais
- Carpeta de Imaxes para as fotos das **exposicións**
- Carpeta de **vídeos representacións**



Paso 5. Preparación dos Foros

Os profesores abren diversos foros:

- Un **Foro Equipo núm...**, para comunicarse e compartir informacións diversas sobre o país que se vai investigar.
- Un **Foro de (...)** cada un dos países, para comentar cuestións sobre a cultura e forma de ser, tópicos e estereotipos.
- Un **Foro de Avaliación** final para valorar o desenvolvemento do proxecto.



Fase 2: Desenvolvemento da actividade


Paso 1. Presentación do proxecto e do TwinSpace (3 sesións)

O docente **presenta o proxecto**, e **presentación dos socios**; accédese á páxina web institucional dos centros participantes. Localízanse no mapa os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, **editan e completan os seus perfís** no TwinSpace e toman contacto co seu equipo.

Accións que realizará cada alumno:

- Cada alumno **escribe a súa presentación**: localidade, país de nacemento, hobbies, familia, pero ningún dato persoal como o teléfono ou o enderezo postal.
- **Sobe unha foto ao perfil**, ou imaxe que o represente.
- Os alumnos van á páxina de presentación e **coñecen cal é o seu equipo**.
- **Déixalles mensaxes** aos membros do seu equipo, de maneira positiva e que fomente a interacción, engadindo palabras ou mensaxes nas súas propias linguas.
- Unha vez saben a que equipo pertencen, deben **ir á subpáxina do equipo** correspondente, onde traballarán a partir de agora.



Paso 2. Crear avatares e subilos á subpáxina do seu equipo (1 sesión)

Cada grupo internacional, a través do TwinSpace (mensaxes e chat) comunícanse e comezan a organizarse.


- Cada equipo **deseña un avatar personalizado**. Poden utilizar programas como <http://avachara.com/portrait/> ou similar.
- **Publícanse os avatares** na subpáxina correspondente a cada equipo.
- Os equipos comunícanse a través do **Foro** do seu equipo.
- **Fanse fotos** dos equipos de alumnos traballando no deseño dos avatares a través do TwinSpace.
- Fanse comentarios e entradas no **Diario do Proxecto**.

Paso 3. Creación da Colaxe e da Nube de palabras (4 sesións)

Este paso comprende varias tarefas e levaranse a cabo en aproximadamente 4 sesións. Convén que os profesores coordinadores acorden unha data límite para telos subidos ao TwinSpace.

- Cada equipo **busca información, investiga e recompila material do país que ten que investigar** e sóbea á subpáxina do equipo.
 - Todos os membros dun equipo buscan **Fortalezas e Debilidades** do país que se vai investigar.
 - Trazos característicos da personalidade do país: **estereotipos** tradicionais e **tópicos** clásicos.
 - **Recompilan imaxes** e sóbenas á subpáxina do equipo.
 - Fan **unha listaxe de palabras** para definir o país que investigan.
- Con todas as imaxes créase unha **Colaxe dixital** con algún programa como [com, Fotor.com](http://com.fotor.com), Photofancy.es... ou similares. Cada equipo pode facer varias e subilas á subpáxina dese país.
- Coas palabras que definen a personalidade dun país, créase unha **Nube de Palabras** con algún programa dixital como com, Wordclouds.com, wordle.net... ou similares. Cada equipo pode facer varias e subilas á subpáxina dese país.

- Fanse comentarios e entradas no **Diario de Proxecto** explicando como se van desenvolvendo as xornadas de traballo.



Paso 4. Ponse en escena e grávanse os vídeos (3 sesións)

Cada grupo de alumnos nacionais **grava un vídeo representando os tópicos e estereotipos investigados do resto dos países socios.**

- **Prepáranse os disfraces e os escenarios;** poden ser disfraces moi sinxelos e escenarios de imaxes proxectadas.
- Como alternativa pode facerse **unha presentación con imaxes e textos que se proxecta nunha pantalla**, e os alumnos escenifican en silencio ou falando un pequeno diálogo.
- Unha vez gravados, **edítanse e publícanse** nalgunha plataforma como [Vimeo](https://vimeo.com/) ou [Youtube](https://www.youtube.com/).
- Sóbense á carpeta de vídeos do **TwinSpace** e colócanse na páxina aberta para tal fin.



Norway

https://youtu.be/rj3_8qZ_39c

Ivana Paulikova



FRANCE

<https://youtu.be/c399eAmyluQ>



SPAIN 1

<https://youtu.be/S5ITLKnV1iw>

ozczestochowa

Paso 5. Participación nos Foros (2 sesións)

O obxectivo neste paso é analizar e comentar o verdadeiro e o falso da imaxe que teñen de nosoutros no resto de Europa.

- Cada país ve e analiza as **Colaxes e as Nubes de Palabras**.
- Unha vez que se subiron todas, **cada país ve os vídeos que o resto dos países gravaron sobre eles**, analízanse, coméntanse e discútese-
- Escríbense **comentarios nos Foros** sobre o que vimos nos vídeos e nas Colaxes e nas Nubes de Palabras.

Paso 6. Exposición das Colaxes e das Nubes de Palabras dos países (2 sesións)

Os alumnos e os profesores coordinadores **preparan o mural** nalgunha parede do centro educativo:

- imprímense as colaxes publicadas no TwinSpace.
- imprímense as nubes de palabras.
- débúxase, córtase e pégase o título do nome do proxecto e os logos de eTwinning, de Erasmus+ e do proxecto mesmo.
- **Confecciónase e expónse o mural** coas colaxes e coas nubes de palabras, o título do proxecto e os logos.
- **Fáanse fotos e:**
 - Sóbense á **Páxina das Exposicións**, no TwinSpace.
 - Faise unha entrada no **Diario do Proxecto**.

Paso 7. Valoración e Avaliación final (2 sesións)

- Participación no **Foro de Avaliación** e entrada no **Diario do Proxecto**.

Fase 3: Recollida de datos e promoción

- Fáanse públicas desde o comezo do proxecto as páxinas de actividades coa **información xeral** e coas **Colaxes e Nubes de palabras dixitais**.
- Vaise escribindo o **Diario do proxecto**, contando o seu desenvolvemento en cada centro educativo participante. Cada semana, un alumno de cada país fai un comentario, pode agregar unha foto na que se vexa os alumnos traballando no proxecto.
- **Publícase información sobre o proxecto na páxina web institucional do IES** e en **redes sociais** como o muro de Facebook do centro/ Twitter.

- Inclúese na páxina web do centro unha ligazón directa ao TwinSpace.
- **Publícanse as colaxes e/ou vídeos na televisión (tv) do centro** que informa sobre as actividades realizadas polos diversos departamentos.
- **Exposición** das Colaxes e das Nubes de palabras no centro educativo.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- **Colaxes e nubes de Palabras dixitais e impresas** coa información dos estereotipos dos demais países.
- **Vídeos** coa exposición oral ou/e coa representación- posta en escena desa información.
- **Mural-Exposición** con material impreso.

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas, foro TwinSpace, Materiais (Carpetas).
- Programas para **deseñar avatares creativos** en liña: BeFunky.com ou similar, para engadirlle texto ás imaxes ou fotos.
- **Internet:** busca de información e fotos dos países dos alumnos.
- Programas para montar unha **Colaxe**: [com](#), [Fotor.com](#), [Photofancy.es](#)... ou similares.
- Programas para crear **Nubes de Palabras**: [com](#), [Wordclouds.com](#), [Wordle.net](#)... ou similares.
- Programas para montar **vídeos con fotos** como Movie-Maker, [com](#) ou similar; e [Youtube.com](#): para publicar o vídeo e poder inserilo no TwinSpace.
- Facebook, Twitter, Google+...para a difusión.

TEMPORALIZACIÓN

- Sesión 1: Presentación **do proxecto e dos socios**.
- Sesión 2: **Repartición das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto**.
- Sesión 3: **Completar perfís**, toma de contacto cos membros do equipo.
- Sesión 4: **Crea avatares** de presentación e súbense ao TwinSpace.
- Sesión 5, 6: Cada equipo **busca información, investiga e recompila material do país que vai investigar**.
- Sesións 7, 8: Crea unha **colaxe e unha nube de palabras** coa información atopada. Tómanse fotos das sesións e entradas no Diario do Proxecto.

- Sesións 9, 10, 11: Cada equipo nacional prepara a **representación e grávanse os vídeos**. Sóbense ao TwinSpace.
- Sesións 11, 12: **Vense e analízanse as Colaxes, as Nubes de Palabras e os vídeos**. Cada país fai un debate
- Sesións 13, 14: Participación nos **Foros dos países**.
- Sesión 15, 16: **Exposición das colaxes no centro**. Fanse fotos e entrada no Diario do proxecto.
- Sesión 17: Participación no **Foro de Avaliación**.



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)

